

# Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras

## G3211105- Deutsch I (1º curso)

### INFORMACIÓN (datos descriptivos)

- **Créditos ECTS**
  - Créditos ETCS: 4
- **Horas ECTS Criterios/Memorias:**
  - Traballo do Alumno/a: 45
  - Horas de Titorías: 10
  - Clase Expositiva: 18
  - Clase Interactiva: 47
  - Total: 120 horas
- **Lingua de uso:**
  - Castelán, Alemán, Galego
- **Tipo:**
  - Materia Ordinaria (Formación Básica)
- **Departamento:**
  - CSHG
- **Área:**
  - CSHG
- **Centro:**
  - Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG)
- **Convocatoria:**
  - Anual
- **Docencia:**
  - Con docencia
- **Matrícula:**
  - Matriculable

### PROGRAMA

#### Obxectivos da materia:

O obxectivo da materia Deutsch I é alcanzar como mínimo un grao de competencia comunicativa de alemán xeral equivalente ao nivel A1/1 segundo os descriptores do Marco Común Europeo de Referencia para as Lingua (MCERL). As actividades de recepción, producción, interacción e mediación serán desenvolvidas para avaliar os niveis de competencia comunicativa do alumno/a.

## **Contido:**

1. Alfabeto e números
2. Presentarse e dar datos persoais
3. Comida e bebida
4. A vivenda e os mobles
5. As rutinas cotiás
6. Afeccións e tempo libre
7. O tempo meteorolóxico
8. A hora formal e informal
9. Introdución aos verbos modais
10. Introdución ao tempo pasado (*Perfekt*)

## **Bibliografía básica e complementaria:**

- **Bibliografía básica**

**Libro de texto:** *Schritte International A1.1 Neu: Kursbuch und Arbeitsbuch.* Ed. Hueber.

- **Bibliografía complementaria**

## **Gramáticas recomendadas:**

*Schritte Übungsgrammatik - La gramática completa del A1 al B1.* Ed. Langenscheidt.  
*Und jetzt ihr!* Ed. Hueber  
*Einfach Grammatik A1 - B1. Übungsgrammatik.* Ed. Hueber.  
*Gramática del estudiante-Alemán,* Ed. Difusión  
*Practicar y consultar la gramática-Alemán,* Ed. Difusión  
*Klipp und Klar-Übungsgrammatik Grundstufe Deutsch,* Ed.Klett  
*Übungsgrammatik DaF für Anfänger,* Verlag für Deutsch  
*Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik-Die neue Gelbe,* Ed.Hueber

## **Diccionarios:**

*Diccionario básico alemán,* Ed. Pons (monolingüe)  
*Diccionario compact,* Ed. Langenscheidt (bilingüe)  
*Collins Pocket Plus Alemán:* Diccionario bilingüe. Ed. Collins

## **Direccións de Internet:**

<https://formacion-cshg.xunta.gal> Campus virtual do CSHG  
<http://cshgdeutsch1.blogspot.com.es/> (blog de clase)  
<https://www.hueber.de/exercises/530-25146/?rootPath=/exercises/530-25146/>  
(exercicios online correspondentes ao libro de texto)  
<http://www.goethe.de> páxina web do Goethe-Institut  
<http://dw-world.de>  
(páxina web da Deutsche Welle, cadea de información internacional de Alemania)

### **Diccionarios bilingües alemán/español:**

<http://dix.osola.com/>  
<http://pda.leo.org/?lp=esde&search=>  
<http://www.pons.de>

### **Pronuncia:**

<http://demo.acapela-group.com/>  
<http://www.research.att.com/~ttsweb/tts/demo.php>

### **Conxugación de verbos:**

[http://konjugator.lingofox.de/de/index.php?id=conjugate\\_german](http://konjugator.lingofox.de/de/index.php?id=conjugate_german)  
<http://verben.awardspace.com/>  
<http://conjdcactus2000.de/>

## **Competencias**

- **Básicas e Xerais**

**B4.**► Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, metodoloxías, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado, tanto mediante comunicación oral como escrita no seu ámbito de estudio.

**G1.**► Formar profesionais que sexan capaces de desempeñar tarefas de xestión e dirección nas organizacións empresariais hostaleiras, desenvolvendo habilidades de liderado, cunha clara orientación de servizo ao cliente, alta capacidade de adaptación permanente e innovación e orientación a resultados nas diferentes áreas do sector, favorecendo o desenvolvemento sostible e respectando a diversidade e multiculturalidade: *Organizar e analizar a información, identificar oportunidades, definir obxectivos e estratexias, planificar, deseñar e asignar recursos, dirixir e motivar persoas, resolver problemas e tomar decisiones, alcanzar obxectivos e avaliar resultados.*

- **Transversais**

**T4-** Coñecementos de informática e TIC relativos ao ámbito de estudio.

**T9-** Recoñecemento á diversidade y a multiculturalidade.

**T11-** Aprendizaxe autónomo permanente e adaptación a novas situación.

**AV3-** Respecto, tolerancia e responsabilidade persoal e profesional.

- **Específicas**

**E9-** Manexar técnicas de comunicación.

**E11-** Comunicarse de forma oral e escrita en inglés ou nunha segunda lingua estranxeira.

## **Metodoloxía da ensinanza**

A materia Deutsch I ten unha carga lectiva semanal (semanas alternas) de 4 horas no 1º cuadrimestre e de 5 horas no 2º cuadrimestre. O idioma empregado para o desenvolvemento da materia, o material didáctico, o enunciado dos exames e a comunicación cos estudiantes será o alemán, o galego ou o castelán.

A metodoloxía empregada baséase principalmente nun enfoque comunicativo onde o profesor fomenta o traballo en equipo e a "multifuncionalidade". As unidades didácticas desta materia teñen carácter teórico-práctico e abordaranse desde unha metodoloxía comunicativa de uso da lingua. Os distintos contidos introduciranse en situacións comunicativas e mediante textos ou materiais audiovisuais.

Nunha segunda fase, as estruturas introducidas explicaranse de maneira teórica, para pasar a continuación á consolidación e afondamento destas con exercicios de diferentes tipos. Esta terceira fase práctica, que constitúe a parte central da materia, consiste na aplicación das estruturas aprendidas en actividades didácticas enfocadas ao desenvolvemento das distintas habilidades e destrezas lingüísticas.

Para garantir un proceso de traballo homoxéneo e continuado nas clases presenciais e para alcanzar os obxectivos da materia, será de gran importancia a participación regular e activa nestas actividades (diálogos interactivos: profesora / alumnos/ as, traballo en parellas ou en grupo, xogos de rol) por parte do alumnado.

**Dado que na materia se traballa cun libro de texto, será necesario telo na aula.**

As sesións para traballar a comprensión oral están ao dispor dos alumnos/ as no Campus Virtual. Un dos obxectivos destas sesións é o de familiarizar aos/as estudiantes co uso de distintas ferramentas de aprendizaxe do alemán dispoñibles na internet. Estes recursos servirán de apoio ao proceso de aprendizaxe individual e autónoma que debe acompañar as actividades presenciais da materia.

Nas titorías coa profesora ofrécese orientación relacionada coas necesidades individuais de cada alumno/a, tanto con respecto a dúbidas sobre a materia como sobre a realización das tarefas. As titorías serán sempre con cita previa.

En función dos intereses persoais e das preferencias e necesidades individuais de aprendizaxe, recoméndase realizar actividades complementarias por exemplo os exercicios no Campus Virtual, o uso de materiais de audio e vídeo á súa disposición no Campus Virtual e no blog de clase, o traballo con materiais de autoaprendizaxe, o intercambio con falantes nativos, etc.

Dada a importancia da competencia oral no sector de la hostalería, recomendase a participación en todas as actividades de producción oral.

Se as condición así o permiten poderán ter lugar clases de conversación presenciais e obligatorias impartidas por asistentes de conversación da USC en horario extraescolar. Neste caso será obligatoria a asistencia a un número de sesións prácticas nos prazos previstos para a práctica de contidos específicos e preparación de exames orais. Se non ten asistido a esas clases nos prazos establecidos, non se lle permitirá realizar os exames orais e a nota do exame oral será cero. A participación nas mesmas redundará, sen dúbida, nun mellor rendemento na área de idiomas.

## Sistema de avaliación

A materia *Deutsch I* avaliarase por competencias. Isto significa que para superar a materia haberá que obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das: competencia escrita, comprensión oral e producción oral.

A avaliação será continua e incluirá, ademais dos exames, outras probas e observacións do docente sobre a competencia do alumno/a para intermediar tanto a nivel persoal como textual, é dicir, a capacidade de sintetizar, parafrasear, apostilar, citar, traducir e intermediar. Tamén se avaliará a responsabilidade do alumno/a sobre a súa aprendizaxe e o progreso do traballo autónomo. O estudiante ten que demostrar que adquiriu os coñecementos e as habilidades necesarias para desenvolver as competencias programadas para a materia.

O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade terá dereito a unha segunda oportunidade, que será a que figure no expediente académico no caso de que a cualificación alcanzada sexa superior.

- Primeira oportunidade ordinaria:

Seguirase un sistema de avaliação continua, que implica a realización de distintas probas e actividades avaluables ao longo de todo o curso. Para aprobar a materia é imprescindible acadar un 5 en cada unha das tres competencias. Todo o contido da materia avaliarase tendo en conta a seguinte ponderación:

- Competencia escrita (40%)
- Comprensión oral (30%)
- Producción oral (30%)
- Participación activa, asistencia a clase e responsabilidade sobre a aprendizaxe: Farase seguimento da asistencia e participación na clase, así como do traballo individual autónomo na aula virtual. A falta de implicación do alumno e non completar as tarefas asignadas en tempo e forma poderá supor a penalización en ata un 10% da nota de avaliação continua de cada destreza.

Nas distintas probas de avaliação, realizaranse algúns exercicios nos que se lles poderá esixir superar uns requisitos mínimos. En caso de non superar devanditos mínimos, a nota do exercicio será 0.

Aqueles estudiantes que obteñan unha cualificación media igual ou superior a 5 en cada unha das tres competencias non necesitarán presentarse ao exame final desta primeira oportunidade e polo tanto a nota de avaliação continua representará o 100% da nota global, achándose a media das tres competencias segundo a ponderación arriba descrita.

En caso de non acadar un 5/10 na/s competencia/s avaluadas en primeira oportunidade, a materia estará suspensa e a cualificación global será a nota da competencia más baixa. Os estudiantes terán que examinarse en segunda oportunidade extraordinaria das competencias non superadas.

Aqueles estudiantes exentos de presentarse ao exame de primeira convocatoria ordinaria e que, con todo, queiran subir nota, poderán presentarse nesta 1ª oportunidade. Terán que examinarse de todas as partes (competencia escrita,

comprensión oral e producción oral) e aplicárselles as ponderacións xa mencionadas. Neste caso as notas do control continuo quedarán anuladas.

No CSHG a asistencia a clase é obligatoria e parte importante da formación do alumno/a, polo que as ausencias repetidas ás actividades presenciais consideraranse unha falta de rendemento e por tanto afectarán á cualificación da materia, do seguinte modo:

- Cómputo total de horas presenciais (75 horas): 30% de ausencias e penalización de -1 punto (23 horas); 60% de ausencias y penalización de -2 puntos (45 horas).
- Se o alumno/a acada un 80% de ausencias sobre o total das horas presenciais, a materia considerarase suspensa cunha cualificación de 0.
  - Segunda oportunidade extraordinaria:

O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade terá dereito a unha segunda oportunidade, que será a que figure no expediente académico no caso de que a cualificación alcanzada fose superior.

Ao igual que na primeira oportunidade, manteranse as notas da avaliación continua do curso e o estudiante examinarase só da/s competencia/s non superada/s. Para aprobar a materia é imprescindible acadar un 5 en cada unha das tres competencias. A nota de cada competencia será o resultado da media do control continuo de primeira oportunidade (60%) e do exame de segunda oportunidade extraordinaria (40%). A cualificación global da materia será a suma ponderada das 3 competencias (competencia escrita 40%, comprensión oral 30% e producción oral 30%).

De non acadar un 5/10 na/s competencia/s examinada/s en segunda oportunidade, a materia estará suspensa e a cualificación global será a nota da competencia más baixa.

- Convocatorias posteriores

O estudiante examinarase das tres competencias. A nota global será a suma ponderada destas 3 competencias (competencia escrita, 40%, comprensión oral, 30% e producción oral, 30%).

## **Tempo de estudio e traballo persoal**

As actividades formativas e a súa dedicación en horas serán as seguintes:

- Clases expositivas (18 horas), clases interactivas (47 horas), exames e titorías (10 horas), e traballo autónomo do estudiante (45 horas).

## **Recomendacións para o estudio da materia**

Ao tratarse dunha materia de iniciación, para cursar esta materia non é necesario ningún coñecemento previo de alemán. Con todo, é recomendable ter coñecementos

de informática a nivel usuario para a realización de tarefas e para a procura de información e de materiais de apoio na internet.

Así mesmo, para integrar o valor de diversidade e multiculturalidade, é imprescindible que de maneira autónoma os estudiantes dediquen tempo ao contacto co alemán en contexto real: utilizar todos os recursos ao seu alcance como películas e series en versión orixinal, contactos con nativos, etc.

## Observacións

- *Prácticas académicas en empresa*

Todos os idiomas teñen relevancia para a realización dos *stages* ou prácticas académicas en empresa, tanto en España como noutros países, ao poder atoparse o estudiante en situacións reais con clientes estranxeiros. O *stage* facilita a toma de conciencia das necesidades, limitacións e competencias do estudiante; tamén permite reforzar as súas habilidades comunicativas e motivarlle para continuar aprendendo e mellorar o seu nivel.

- *Dispensa de asistencia a clase*

Aqueles/ as alumnos/ as que solicitasen dispensa de asistencia a clase, tal e como figura no apartado 3.1.3 do Regulamento Interno, serán convocados a un exame oral, de escoita e escrito de valoración do nivel de idioma. Para obter dita dispensa, deberán superar as probas específicas e obter unha cualificación mínima de 8 sobre 10 en cada unha das partes.

Neste caso, obterá a dispensa para o ciclo completo da titulación, no poderá asistir a clase e no seu expediente figurará, en cada un dos cursos do idioma correspondente, a cualificación final obtida nas probas específicas.

## PROFESORADO

**Margarita Fernández Álvarez**  
Centro Superior de Hostelería de Galicia  
981542519  
[margafernandez@cshg.es](mailto:margafernandez@cshg.es)